



## **Anfaco presiona ós seus asociados para que non respeten a lei**

-Reclama a suspensión da DOP nunha actuación que podería inducir á prevaricación

-O Consello Regulador non vai prohibir ás conserveiras usar o nome de Galicia. É a normativa europea a que o prohíbe e unha sentenza a que o ratifica

-Coa súa actuación neste caso, a Consellería do Mar demostra que, ou non coñece o que é unha DOP, ou pretende eludir as súas obrigas derivadas da sentenza

### **18 de marzo de 2016**

A raíz da comunicación pública da sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, e tras diversas manifestacións publicas da Conselleira do Mar e do Secretario Xeral de ANFACO, Juan Vieites, temos que manifestar:

1.O Consello Regulador non vai utilizar a sentenza para intentar prohibir usar o nome de Galicia ás conserveiras. É a normativa europea a que o prohibe.

Ate o de agora foi ANFACO a que impuxo por presión o criterio contrario, de que a DOP só protexía ao mexillón fresco. Criterio que a Consellería do Mar asumiu nas súas actuacións, a pesar dos informes xurídicos de que puidera dispoñer e dos que remitiu o Consello Regulador.

O criterio de ANFACO foi derrubado polo Tribunal da Audiencia.

Polo tanto, agora é a Administración Galega a que ten que aplicar nas súas actuacións a normativa europea de protección das DOPs e o criterio establecido polo Tribunal.



2. O secretario xeral de ANFACO, Juan Vieites, ven de afirmar nun xornal que "Si nos llevan hasta el final dejaremos de poner el nombre de Galicia en nuestras latas y al final, ... en tres o cinco años el mejillón gallego ya no se enlatará." "...podemos satisfacerlos con producto de otros países".

Estas manifestacións poderíanse considerar como recomendacións colectivas aos seus asociados para que executen tales indicacións e, en consecuencia, ser pacto colusorio, o que vulneraría a Lei de Defensa da Competencia e ser obxecto de análise por parte da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia, no cal xa constan antecedentes de ANFACO neste senso.

3. Nunha iniciativa que se cualifica por si mesma, ANFACO convocou na súa sede de Vigo a produtores de mexillón. Nese encontro, encabezado polo propio presidente de ANFACO Jesús Alonso, se lles presentou ós produtores á firma un documento dirixido á Consellería.

A primeira reflexión que xurde é a coacción exercida polo poder de compra para conseguir tal declaración, o que novamente poderíase encadrar en infracción da Lei de Defensa da Competencia.

Ademais, toda vez que na DOP hai produtores, transformadores e elaboradores de mexillón, chama a atención a ausencia de empresas transformadoras na mesma reunión, polo que resulta manipulador por se agochar tras a firma dos produtores. Nese escrito solicítase á Consellería do Mar a tramitación dunha suspensión da DOP, temporal e con carácter cautelar. Todo parece indicar que o escrito é unha incitación á Consellería a tomar resolucións inxustas e contrarias á Lei (=prevaricación).

4. Ademais, de se levar a cabo a tramitación da suspensión, sería facilmente entendible que a Consellería do Mar estaría actuando pretendendo eludir as obrigas derivadas da sentenza do Tribunal da Audiencia Provincial, aínda mais cando por deixadez da Administración foi o Consello Regulador o que tivo que acudir aos tribunais para facer cumprir a Lei, obriga que compete á Administración.



5.No contexto desta situación, resulta da máxima importancia sinalar que a presidencia de ANFACO é ostentada pola principal empresa conserveira de mexillón de Chile, e que á súa vez é interprovedor dunha gran cadea de distribución. O que pode poñer en dúbida que as accións de ANFACO poidan beneficiar a todas as empresas conserveiras de Galicia.

6.Significar igualmente que no seu día o Consello Regulador fixo unha solicitude formal de reunión á ANFACO para abordar este tema, sendo rexeitada a mesma.

Nestes intres o cortés tería sido que ANFACO se puxera en contacto co Consello Regulador. Sen embargo a crenza no seu poderío minusvalora a razón dos demais, e iso só pode causar prexuizos aos asociados de ANFACO, aos seus clientes e aos consumidores.

7.Cando a Conselleira do Mar manifesta a súa preocupación porque non se poda chamar galego a todo o mexillón cultivado en Galicia, pode deducirse que ou ben ignora o que é unha DOP -que llo acaba de dicir un Tribunal de Xustiza-, ou pretende eludir as obrigas que derivan da sentenza, ou manifesta unha desesperada posición de defensa dos postulados de Anfaco e de animadversión á DOP Mexillón de Galicia con menosprezo dos dereitos e intereses das persoas consumidoras.

Situación peligrosamente preocupante nun representante do Goberno de Galicia, e que converte ao Consello Regulador no único garante da legalidade en relación con garantir a protección dos dereitos e intereses tanto das persoas consumidoras como das persoas e empresas pertencentes ao tecido vinculado ao mexillón cultivado, transformado e elaborado en Galicia.

Atentos saúdos.